

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

SALA DE GOBERNO

Solicitud do Ilmo. Colexio de Avogados da Coruña de eliminación das restricións de acceso ás dependencias xudiciais para os avogados e procuradores

A Coruña, un de decembro de dous mil vinte e dous

SOLICITUDE DO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DA CORUÑA

I. O Ilustre Colexio de Avogados da Coruña remitiu un escrito polo que solicita a eliminación das restricións de acceso ás dependencias xudiciais para os avogados e procuradores.

II. No corpo do escrito dise que *debido á pandemia por COVID-19 foron adoptadas unha serie de medidas que restrinxían a entrada e saída dos profesionais (avogados e procuradores) ás dependencias dos órganos xudiciais, que na actualidade, dada a situación sanitaria, carecen de sentido e, ademais, de amparo normativo.*

As barreiras de acceso, a necesidade de pulsar un timbre, o feito de seren atendidos no mostrador, así como o de teren que agardar nas escaleiras para seren atendidos, ademais de atender contra a dignidade da profesión, supoñen un grave obstáculo para que os profesionais exerzan a defensa dos seus clientes.

Neste sentido, a Sala de Goberno do TSX de Madrid ditaminou que «tales medidas de restrición carecen de amparo normativo ou regulamentario. Nin se consideraba no artigo 18 da Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de Xustiza, nin figura xa tampouco na Terceira Actualización da Guía de boas prácticas e adopción de medidas de saúde profesional aprobada polo Acordo do 12 de agosto de 2021 da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial, ao suprimirse a mención a “profesionais” no apartado VIII-4».

ANTECEDENTES SOBRE A ELABORACIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS E ORGANIZACIÓN DOS ÓRGANOS XUDICIAIS NO ÁMBITO DO TSX DE GALICIA

III. Desde o inicio da pandemia COVID-19, a Sala de Goberno deste Tribunal veu aprobando distintos protocolos de actuación e organización nos órganos xudiciais para afrontar a situación de crise sanitaria, comezando pola Guía de funcionamento aprobada durante o primeiro estado de alarma decretado por mor da COVID-19 (Sala de Goberno, en sesión extraordinaria do 21 de marzo de 2020), pasando polo Protocolo para a coordinación das axendas de sinalamentos (Pleno da Sala de Goberno, en sesión do día 29 de maio de 2020), e os protocolos sobre a celebración de actuacións telemáticas no ámbito do TSX de Galicia, e de actuación e organización nos órganos xudiciais no ámbito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Pleno da Sala de Goberno do día 30 de setembro de 2020).

IV. O Protocolo de actuación e organización nos órganos xudiciais no ámbito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia foi obxecto de tres actualizacións, unha primeira actualización aprobada pola Sala de Goberno do TSXG en sesión do 9 de outubro de 2020, co obxecto de

adaptalo á segunda actualización da Guía de boas prácticas CXPX aprobada pola Comisión Permanente do CXPX en sesión do 8 de outubro de 2020. Unha segunda actualización aprobada pola Sala de Goberno do TSXG en sesión do 14 de xaneiro de 2022, para adaptalo ao Real decreto lei 30/2021, do 23 de decembro, polo que se adoptaron medidas urxentes de prevención e contención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. E unha terceira actualización aprobada pola Sala de Goberno do TSXG en sesión do 22 de abril de 2022, para adaptalo ao Real decreto 286/2022, do 19 de abril, que modificou a obrigatoriedade do uso de máscaras, e mais á Guía de boas prácticas para a reactivación da actividade xudicial e adopción de medidas de saúde profesional para a prevención de contaxios en sedes xudiciais, na versión aprobada pola Comisión Permanente do CXPX o 22 de abril de 2022.

XUSTIFICACIÓN DA REVISIÓN DO PROTOCOLO

V. Na terceira actualización do protocolo, aprobada pola Sala de Goberno do TSXG en sesión do 22 de abril 2022, mantíñase a vixencia das normas e medidas de carácter organizativo e tecnolóxico que se recollen na versión aprobada o 14 de xaneiro 2022.

Estas medidas foron adoptadas no marco dunha crise sanitaria pola COVID-19; medidas que na data da elaboración do protocolo e das súas sucesivas actualizacións era necesario manter para evitar situacións de contaxio.

Oito meses despois da última actualización, e case un ano desde a aprobación do protocolo, a mellora da situación epidemiolóxica nos últimos meses —que derivou en modificacións legislativas como a que afectou ao uso de máscaras, ou en actualizacións da Estratexia de vixilancia e control fronte á COVID-19 adoptada no seo da Comisión de Saúde Pública—, unida ao avance na vacinación, que deu lugar a que a poboación española alcanzase altos niveis de inmunidade, e unida á favorable resposta a nivel comunitario fronte ás medidas ata o de agora adoptadas, permiten acometer unha revisión das medidas incorporadas ao protocolo e eliminar todas aquelas medidas de carácter sanitario que foron adoptadas para responder a unha situación de emerxencia sanitaria que se distancia da situación sanitaria actual.

MEDIDAS QUE SE ELIMINAN

As medidas que se eliminan e deixan sen efecto son as seguintes:

1. As medidas de carácter sanitario adoptadas sobre utilización das salas de vistas (salas e espazos comúns, normas sanitarias durante a celebración das actuacións xudiciais).
2. As medidas de carácter sanitario adoptadas sobre o uso dos edificios xudiciais (entrada, saída e permanencia no edificio). En particular, eliminaranse de modo inmediato todos os elementos que dificulten o acceso ás dependencias xudiciais, e nomeadamente o acceso dos profesionais (por exemplo, timbres, cadeas, armarios, mesas etc.).
3. Consecuencia da eliminación destas medidas é a retirada de cada sede xudicial dos carteis indicativos das medidas que agora se suprimen.

A eliminación destas medidas ten por obxecto restablecer no posible a situación ordinaria e de normalidade anterior á declaración do estado de emerxencia, sen prexuízo daquelas medidas puntuais acomodadas a cada situación particular que poida adoptar cada xuíz/a ou maxistrado/a en exercicio das facultades de policía de estrados que lle veñen atribuídas, ou daquelas que poidan adoptar os/as decanos/as no exercicio das súas competencias.

MEDIDAS QUE SE MANTÉÑEN

Só se deben manter, por imperativo legal, as medidas de atención ao público en sedes xudiciais e as que se refiren á forma de celebración das actuacións procesuais previstas no protocolo, en canto coinciden coas medidas organizativas e tecnolóxicas do capítulo III (artigos 14 e seguintes) da Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de Xustiza, por canto, conforme a disposición transitoria segunda, tales medidas son de *aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo de informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.*

En particular, mantéñense as seguintes medidas:

1. Forma de celebración das actuacións procesuais: mantéñense as medidas que se recollen no Protocolo baixo o apartado de “Forma de celebración das actuacións procesuais”, a excepción do número 8 (indicacións e prevencións sanitarias), que queda eliminado.

2. Atención ao público: mantéñense as medidas que se recollen baixo o apartado de atención ao público en sedes xudiciais. Respecto deste apartado cómpre aproveitar a revisión do Protocolo para incorporar nel as propostas de mellora que se incluíron na resposta ás recomendacións efectuadas polo Defensor do Pobo no expediente 22018374.

Estas propostas de mellora teñen por obxecto facilitarlle á cidadanía a obtención de cita previa e evitar demoras na atención das persoas que acoden con cita á sede dos órganos xudiciais, e son as seguintes:

- Mellorar as indicacións que deberán constar no cartel daquelas sedes en que se localizan varios órganos xudiciais, no que deberán figurar o teléfono e o correo electrónico de contacto de cada un dos órganos.
- Incluír no Protocolo unha recomendación dirixida aos órganos xudiciais encamiñada á repartición das citas ao longo de todo o horario de atención ao público das oficinas xudiciais.

- En canto aos rexistros civís das principais cidades de Galicia, que son os únicos que contan con servizo de petición de cita previa a través dunha aplicación automatizada, deberán garantir que a cidadanía, a través do propio persoal dos rexistros ou das oficinas de Atención á Cidadanía, poida pedir cita telefonicamente ou de forma presencial.

3. Sobre a utilización das togas: por último, e no que se refire á utilización de togas, o artigo 17 da Lei 3/2020 dispensa aos profesionais que asistan a actuacións orais do uso de togas nas audiencias públicas, mais a dispensa significa permiso e non prohibición, polo que a Sala de Goberno do TSX de Galicia considera que a dignidade e a solemnidade das actuacións en audiencia pública implica a recomendación do uso da toga polos profesionais que asisten a elas.

Por todo iso,

PROPONSE:

Revisar e modificar o Protocolo de actuación e organización nos órganos xudiciais no ámbito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nos seguintes termos:

I. Eliminar e deixar sen efecto as seguintes medidas:

1. As medidas de carácter sanitario adoptadas sobre utilización das salas de vistas (salas e espazos comúns, normas sanitarias durante a celebración das actuacións xudiciais).
2. As medidas de carácter sanitario adoptadas sobre o uso dos edificios xudiciais (entrada, saída e permanencia no edificio). En particular eliminaranse de modo inmediato todos os elementos que dificulten o acceso ás dependencias xudiciais, e nomeadamente o acceso dos profesionais (por exemplo, timbres, cadeas, armarios, mesas etc.).
3. Consecuencia da eliminación destas medidas é a retirada de cada sede xudicial dos carteis indicativos das medidas que agora se suprimen.

II. Manter as seguintes medidas:

1. As medidas que se recollen no Protocolo baixo o apartado de “Forma de celebración das actuacións procesuais”, a excepción do número 8 (indicacións e prevencións sanitarias), que queda eliminado.
2. As medidas que se recollen baixo o apartado de atención ao público en sedes xudiciais, coas seguintes modificacións:
 - No cartel daquelas sedes en que se localizan varios órganos xudiciais débese indicar o teléfono e o correo electrónico de contacto de cada un deles.
 - Incluír no Protocolo unha recomendación dirixida aos órganos xudiciais encamiñada á repartición das citas ao longo de todo o horario de atención ao público das oficinas xudiciais.
 - Instar dos rexistros civís das principais cidades de Galicia a adopción de medidas que garantan á cidadanía, a través do propio persoal dos rexistros ou das Oficinas de Atención á Cidadanía, a posibilidade de pedir cita telefonicamente ou de forma presencial.

III. Facer público entre os órganos xudiciais no ámbito do TSX de Galicia, e entre os colexios profesionais de avogados e procuradores desta Comunidade, que a Sala de Goberno do TSX de Galicia considera que a dignidade e a solemnidade das actuacións en audiencia pública implica a recomendación do uso da toga polos profesionais que asisten a elas.

Esta revisión foi aprobada pola Comisión da Sala de Goberno do TSX de Galicia en sesión do 2 de decembro de 2022.